

Recuperación da Ponte Mandrás

Páxina II



LXV Festa do Viño do Condado do Tea

Páxina VII



V edición do MUMI na Eurocidade Tui-Valença

Páxina VIII



Recuperación do observatorio ornitolóxico da Guarda

Páxina X



Xunta e Deputación recuperan o Cine Fraga

Páxina XIV



A Orquesta Sinfónica de Galicia actuará no Festival Groba

Páxina XVI



As XXXIX Xornadas de Folclore máis internacionais

Páxina III

La Vuelta, escaparate turístico das Rías Baixas

Páxina XIII



MESÓN DO MANOLO

Menú diario 12 euros
Fin de semana 16 euros

Carta: Cordeiro, ameixas, anguías,
cocido galego (xoves e domingos)

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

OURENSE

Recuperación da Ponte Mandrás

A Xunta investiu preto de 145.000 euros nas obras de recuperación de Ponte Mandrás en San Cristovo de Cea. Agora o usuario ou peregrino poden realizar un itinerario continuo e funcional, ao tempo que se puxo en valor infraestrutura orixinal de paso sobre o leito do río Barbantiño. Procedeu o descubrimento do pavimento orixinal, retirando terras e materiais aplicados ou sedimentados ao longo dos anos. Ademais, rehabilitouse o solado existente e modeláronse 30 pezas de nova achega para minimizar as depresións actuais do pavimento.

Unha vez realizada a actuación, a rasante resultante foi avalada polos técnicos e arqueólogos da Dirección Xeral de Patrimonio (DXP), que ratificaron



a súa recuperación, así como a posta en valor deste elemento patrimonial datado no Século XIII.

Ponte Mandrás está situada no antigo Camiño Real que unía Ourense con Santiago de Compostela e por ela discorre a Vía da Prata. Foi declarada Ben de

Interese Cultural con categoría de Monumento Histórico e Zona Arqueolóxica a favor das Pontes Históricas de Galicia en 1991. No que vai de ano, máis de 5.275 peregrinos recorreron xa a Vía da Prata. En 2023, esta ruta foi elixida por 7.965 persoas.

XXV Aniversario do Ecoespazo do Rexo en Allariz

o Ecoespazo do Rexo recibiu a decenas de persoas que se achegaron para festexar o vixésimo quinto aniversario deste recuncho tan especial de Allariz. Coñecido agarimosamente como "O Rexo" polos veciños, este espazo emblemático foi unha intervención artística do artista vasco Agustín Ibarrola, quen tristemente nos deixou o ano pasado. A obra inaugurouse nunha máxica noite de San Xoán no ano 1999.

Presentouse unha pequena exposición dedicada ao Ecoespazo, a súa creación e evolución ao longo destes 25 anos. Ao acto asistiron a alcaldesa de Allariz, Cristina Cid; o tenente de Alcaldía, Bernardo Varela; o concelleiro de Cultura, Alberto Conde; e o xerente

do Ecoespazo O Rexo, Anxo Quintana, que inauguraron a exposición e lembraron con agarimo a figura de Agustín Ibarrola.

A xornada concluíu cunha cea popular na que se degustaron produtos locais, como o cordeiro e o queixo de O Rexo, coincidindo coa Festa da Seca.

A Festa da Seca segundo explicou Quintana "é o remate do ciclo de produción de leite das ovellas. Este ciclo comeza logo dos partos, ao redor do mes de xaneiro e remata agora en xullo. Dende a Queixería do Rexo, localizada ao carón do Ecoespazo do Rexo, levan un par de anos celebrando esta Festa como fin do traballo dos pastores durante toda esta tempada".

Festival Xolda de Aguiar no Pereiro en setembro

O festival Xolda de Aguiar celebrarase o 14 de setembro no Concello do Pereiro de Aguiar, e que ten como principal obxectivo a posta en valor do rural coa cultura das festas populares como instrumento catalizador dun evento musical durante o día, desde a sesión vermú ata a noite, ademais de

contar con programación infantil.

Trátase dunha iniciativa patrocinada por Turismo de Galicia, coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense e do concello de Pereiro de Aguiar, onde a convivencia, a música e o bo ambiente serán os protagonistas dunha xornada na que os veciños poderán gozar dun evento no rural, ao aire

libre, das actuacións dos grupos galegos Cé Orquesta Pantasma, Los Camachuelos, O Sonoro Maxín e Luar na Lubre. Tamén a gastronomía, que forma unha parte importantísima de calquera evento destas características, terá presenza cun posto de pulpo e comida tradicional galega, así como grupos de animación para nenos e nenas.



Trasniños
ARÁNDANOS
 SIN CONSERVANTES SIN COLORANTES
 ¡Da terra a túa mesa!
 Pedidos: 617 41 80 17.
 O TRASNO. Rúa Lepanto, 10. Ourense.

Las tapitas de Marian
 Empanada de maíz.
 Arroz con zamburiñas. Ensaladas. Tarta de Allariz.
 Rúa Lepanto, 19 . Tfno. 622 70 90 45 . OURENSE

Capricho
 Servicio a domicilio
 CASCO HISTÓRICO OURENSE
 Rúa Lepanto, 17 - baixo - OURENSE
 Tfno. 988 981 601

BAR FUENTEFRÍA
 Callos
 Empanadas
 Afumados
 Carnes
 Queixos
 Ensaladas
 Clásicos
 Rúa Viriato, 6 Casco Vello OURENSE

Colombia, México, Panamá, Serbia, Senegal e Taiwán nas XXXIX Xornadas de Folclore

Do 12 de agosto ao 21 de agosto, 173 artistas dos seis grupos actuarán no Barco de Valdeorras, Celanova, Maceda, Verín, Entrimo, Viana, A Rúa, Allariz, Trives, Carballiño, Castro Caldelas, Xinzo, Manzaneda, Bande, Ribadavia e Ourense capital.

A Deputación de Ourense, a través do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo, organiza este festival coa colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta e dos diferentes concellos que acollen este evento

O vicepresidente segundo da Deputación, César Fernández; o director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo; e o director das xornadas, Xulio Fernández Senra, explicaron os detalles dun evento que se celebra en Ourense desde o ano 1984

As Xornadas de Folclore volven un ano máis á provincia nun dos eventos máis esperados do verán cultural ourensán, que nesta 39 edición contará coa participación de seis agrupacións folclóricas procedentes de Colombia, México, Panamá, Serbia, Senegal e Tai-



Rolda de prensa na Deputación para presentar as xornadas.

wán.

César Fernández destacou a importante resposta do público, cunha media aproximada de 25.000 espectadores grazas a itinerancia pola provincia, permitindo coñecer as manifestacións folclóricas doutras culturas, “sempre moi enriquecedor para unha terra como Ourense, tamén cunha tradición folclórica e etnográfica

moi importante”.

Un festival “de máxima calidade” do que destacou ademais a cooperación institucional a través da “colaboración permanente” da Xunta de Galicia, agradecendo tamén ao director das xornadas e a toda a organización o enorme traballo para lograr a “excelencia artística”.

Anxo Lorenzo subliñou que

con estas xornadas enriquecese o panorama galego, “xa de por si rico”, de manifestacións do folclore da cultura tradicional, ofrecendo cada ano unha visión do folclore doutras partes do mundo, o que resulta “todo un luxo e un privilexio”. Felicitou ademais á Deputación e á organización por apostar pola descentralización da cultura, ao facer chegar estas xornadas a case unha vintena de puntos da provincia.

Xulio Fernández recoñeceu o gran labor que hai detrás deste evento, citando a coordinación de Xabier Álvarez, aos guías e voluntarios que traballarán a diario cos máis de 170 artistas que actuarán na provincia, aos directores dos centros de acollida e “a implicación da cidadanía nun espectáculo de máximo nivel e de referencia en España”.

Dous espectáculos por noite en dúas vilas da provincia

Durante a súa celebración, cada noite haberá dous espectáculos en dúas vilas diferentes da provincia protagonizados en cada lugar por tres agrupacións, agás na cidade de Ourense e en Ribadavia onde actuarán os seis grupos.

Así, a programación desta edición comezará o 12 de agosto no Teatro Principal coa cerimonia inaugural e prolongarase ata o 21 de agosto con actuacións nas vilas do O Barco de Valdeorras, Celanova, Maceda, Verín, Entrimo, Viana, A Rúa, Allariz, Trives, Carballiño, Castro Caldelas, Xinzo, Manzaneda, Bande, ademais de Ourense cidade e Ribadavia.

Os encargados de espallar a súa música, baile e tradicións pola provincia de Ourense serán 173 artistas das seis agrupacións: Colombia (Fundación Ballet Folclórico de Nobsa Colombia), México (Ballet Folk. Instituto Tecnológico de Celaya), Panamá (Academia Andrés Valiente, Danzas y Proyecciones Folclóricas), Serbia (Kud Srem), Senegal (Ballet Jammu) e Taiwán (Yuan Yuan Dance Group).

O Centro Residencial Docente de Ourense e o IES Universidade Laboral serán as instalacións que acollerán aos grupos participantes durante a súa estadía na provincia.

LUNS 12	GRUPOS PARTICIPANTES
OURENSE 20:00	COLOMBIA
MARTES 13	NOBSA
O BARCO 22:30	MÉXICO
CELANOVA 20:30	CELAYA
MÉRCORES 14	PANAMA
MACEDA 22:30	ANDRÉS VALIENTE
VERÍN 22:30	SENEGAL
XOVES 15	BALLET JAMMU
ENTRIMO 20:30	SERBIA
VIANA DO BOLO 22:30	HUD SREM
VIRES 16	TAIWAN
A RÚA 22:30	YUAN - YUAN
ALLARIZ 22:30	
SÁBADO 17	
TRIVES 22:30	
O CARBALLIÑO 22:30	
DOMINGO 18	
C. CALDELAS 22:30	
XINZO DE LIMIA 20:00	
20:30	
LUNS 19	
MANZANEDA 22:30	
BANDE 20:30	
MARTES 20	
OURENSE 22:30	
23:00	
MÉRCORES 21	
RIBADAVIA 23:00	

ORGANIZA: DEPUTACIÓN OURENSE, CENTRO DE CULTURA POPULAR XAQUÍN LORENZO

PATROCINAN: XUNTA DE GALICIA

OPINIÓN

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

Despois das Letras Galegas, despois do Día da Patria, a única patria

No abraio quedo, xa pasado o día 19 de maio e o 25 de xullo deste ano, en pleno verán e resulta ser agora, moito despois, cando me aveñen recordos e cando leo nun vello xornal os consellos de quen gobernan que manifestan sen pudor nalgún dos medios de comunicación, dobregados ás súas dimensións de patrocínio, todo sexa dito de paso, as súas conclusións. É increíble como na Coruña homenaxearon a Luísa Villalta e despois presumiron da súa política en materia lingüística, na que manifestaron abertamente “un exemplo de convivencia” no idioma e sen imposicións. Claro, como se van queixar se quen recúa somos nós e é a Nosa Cultura a que perde. Reivindican o seu modelo lingüístico do “sentidiño” e a “liberdade” fronte ao sectarismo e a imposición, que citan de novo, sendo eles os primeiros en falar de imposición e en facer que o idioma se repregue en perdas.

Seica o idioma propio de cada sitio do mundo pode ser imposto (que cousas!) no seu propio eido, non entendo nada. Destacaron á homenaxeada e asistiron xentes de representación política e candidatos das europeas. Dixeron moitas máis cousas como que o idioma propio de Galicia forma parte do seu ADN, que se construíu firme e así seguirá medrando. E que abondará en número de falantes, neste bilingüismo cordial afastado de polarizacións. En total, que se leron poemas da autora, entregaron flores á súa nai, á irmá e sobriño, mentres dous violíns tocaban aquelas dúas pezas que foran as súas preferidas. Falaron tamén da transversalidade do idioma e que por iso o seu partido se parece tanto a Galicia, desde a moderación e o respecto. Todo está tan ben feito que é un exemplo para o mundo.

Menos mal que non chegaban a ser sequera un cento de persoas! Tantas cousas

dixeron, todas elas con graves obsesións que non atinan a conformar a concordia da que falan, senón silencio e unha certa vergoña, sobre todo sabendo que encabezan manifestacións con aquela xente que falou de “imposición” do noso idioma por primeira vez e contra o galego ao que chamaban impositor no seu propio espazo. Espazo agora limitado por quen fixo estas leis, estas que conculcan o universal dereito de ser quen somos e de exercer o noso dereito e deber de facelo na propia orixe e forma. A imposición, se é que hai, estará do outro lado e non deste. O resto son “supositorios” da xente. Impuxéronse á forza nunha lei desigual, en espazos e tempos, en realidades, nos corazóns, faltos de sincronía e de bo facer, faltos da xenerosidade que esperabamos despois de séculos de -esta si- “imposición” ou doma e castración “profiláctica” levada a cabo polos que mandaban e que aínda daquel xeito mandan, cegos na indiferenza e faltos na aposta decidida de futuro.

Ese interiorismo, do que falan, entre si, non se cadra coa exterioridade, onde eu, habitante do rural e docente xubilado, vexo como se perden cada día, non só habitantes, fogares e falantes, senón poboacións enteiras. Vexo como imos levados esa lei paralizante que nos trouxeron,

obrigada e cargada de desequilibrios inxustos e subxectividade amorfas que marcharon a onde houberse mellores infraestruturas. Falta tamén da proporcionalidade debida, cando se fala de conculcar. Ninguén volveu pola fouce deixándose de egos e excesos, de desprezos e disolucións, de esquecementos e faltas, como digo, de confianza e xenerosa actitude coa Cultura, a Nosa Lingua, para salvala do naufraxio.

Sería bo mirasen doutro xeito a cuestión. Non se crean o que din e repiten, andan errados. Non é esa a solución e non darán con ela se seguen a pensar que todo vai ben. Aos que miramos de lonxe, dános certa vergoña que se minta con esa soltura e en aberto. Sei que haberá quen crea ese embuste e vaidade. Habería que corrixir antes que sexa tarde. Tal é o desacougo, pódenme crer, que é necesario avanzar e non dar pasos atrás nesa crédula alienación mentida, nesa metáfora de que todo vai ben. A Lingua Nosa, non vai ben. E se perdemos a Nosa Lingua, tamén perderedes o cargo que habitades. Pénseno ben. Non me fagan admirar esta condena de derrotas.



Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

O himno galego nas celebracións litúrxicas

A primeira vez na historia de Galicia que unha banda de música interpretou o Himno Galego nunha celebración litúrxica foi na igrexa parroquial de Redondela no contexto das festas da Coca. Tal suceso aconteceu na década dos anos oitenta. Para sortear os receos que eu albiscaba no director da banda de música e o párroco, busquei a complicidade do bispo demisionario da diocese de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Araújo, de talante galeguista, a quen convidei para que presidise a misa concelebrada. Ata entón era costume que no momento da consagración, as bandas de música interpretasen o himno español. Tradición que procedía do nacionalcatolicismo do Estado.

Mais aconteceu que, naquela década de esplendor galeguizador do Concello de Redondela, a Asociación de Funcionarios/as para a Normalización Lingüística (AFNLG) lanzou a feliz iniciativa das “Mil festas máis para a lingua galega” para galeguizar as festas populares. Tratábase dun decálogo de propostas que abraxían todos os aspectos dos programas festivos. Animábaselles ás comisións organizadoras a normalizaren o uso da lingua galega na car-



telería, na denominación correcta da toponimia, deica entón sempre deturpada; propúñaselles ás orquestras a galeguización dun 20% do repertorio musical, xa fosen con temas orixinais ou traducidos doutros idiomas; alentábase a posta en valor do patrimonio cultural e artístico das parroquias; maior presenza de agrupacións de música tradicional... e, como queda dito, a substitución do himno español polo galego nesa parte central da eucaristía.

Aconteceu que en 1984 publicouse a Lei de Símbolos de Galicia que establecía a oficialidade do Himno Galego con letra

de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga. Un texto legal con escasa incidencia na vida real do País, agás puntuais actos institucionais. Compría sacalo deses reductos e normalizalo noutros moitos ámbitos decisivos para a preservación da nosa identidade cultural e darlle a lexitimidade necesaria. E eses espazos eran as máis de 3700 festas populares (tantas como parroquias) que anualmente se celebran en Galicia.

Convocamos a seis alcaldes a unha xuntanza no despacho do alcalde de Santiago de Compostela, que daquela era Xerardo Estévez sempre tan receptivo ás nosas propostas, á que asistiron os alcaldes de Vigo, Ferrol, Redondela, Catoira e Negreira. Todos manifestaron o seu apoio á campaña, agás Xaime Quintanilla rexedor de Ferrol que manifestou o seu temor aos militares daquela cidade. e parte da cidadanía influída polo ambiente franquista, que farían inviable o cambio desexado. Quintanilla, despois de tantos anos, aínda tiña o medo metido no corpo provocado polo fusilamento do seu pai en 1936 cando foi alcalde. Aquel número de alcaldes axiña se ampliou por decenas.

Por suxerencia da AFNLG a Xunta de Galicia encargoulle ao compositor Roxelio Groba matizar algúns acordes de Pascual Veiga para facer a execución da partitura máis parecidos aos que deben ter os himnos, e fose interpretado de igual

maneira por todas as bandas.

Foi así como a campaña das “Mil festas máis para a lingua galega” acadou milleiros de adhesións populares en poucos anos. Hoxe é normal que no intre central das misas, no denominado momento da transubstanciación (a conversión milagreira da hostia en pan e o viño en sangue) as bandas de música e outras agrupacións interpreten o himno galego.

Esta campaña das “Mil festas máis para a lingua galega” ratificou a nosa idea de que a normalización da lingua galega témola que conseguir fóra da celebración do Día das Letras Galegas. Por un caso, hoxe as festas populares están máis galeguizas que hai corenta anos.

O día que máis me emocioniei neste longo camiño da substitución do himno español polo galego, foi na misa do ano conmemorativo do 110 aniversario do nacemento de San Rosendo en Celanova, no 2007. Nela participaron prelados galegos e portugueses, cargos institucionais e moito público. No momento da consagración, a banda de música interpretou o noso himno con toda solemnidade e sonoridade que ten aquel recinto. Maxestoso o repeto e recollimento. Conclusión: se hai vontade, hai mudanzas.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

As feblezas do relato de Pedro Sánchez

Vaia por diante que a pescuda xudicial desenvolvida polo maxistrado do Xulgado de Instrución nº 41 de Madrid, J.C. Peinado, a respecto de determinadas condutas de Begoña Gómez, dona do Presidente do Goberno do Estado é desaquelada ás fins de investigación que di buscar. Naceu dunha querela alicerzada en informacións de prensa que non debeu nunca ser admitida, enxergou dende eses feitos denunciados (únicos sobre os que habería desenvolverse as pescudas) outras condutas dun xeito prospectivo e, xa que logo, ilegal e acadou niveis moito máis graves acordando e mantendo a citación como testemuña de Pedro Sánchez malia o seu dereito, quer a non declarar como cónxuxe da persoa investigada, quer a fabelo por escrito por mor do seu cargo público. Lawfare de libro.

Con ser isto verdade e con facer evidente que unha moi curta (malia que moi influente) minoría de xuíces está a deteriorar a nosa convivencia democrática (agarden



vostedes ao moi probábel prendemento do presidente Puigdemont polo Supremo, malia ser suxeito pasivo obrigado da amnistía) o relato de Sánchez amosa evidentes feblezas.

A primeira é a proxección dese adanismo que se manifestou nomeadamente naquel proceso de diálogo consigo mesmo desta última primavera. Semella que él e a súa dona son os primeiros en padecer lawfare, esquecendo casos máis ou menos afastados no tempo (as condenas por prevaricación do entón coaga X.L. Barreiro Rivas no

1990 ou do presidente do Parlamento vasco Juanmari Atutxa no 2004) ou máis recentes, sufridas nomeadamente por políticos soberanistas cataláns (Màs, F. Homs, Junqueras, Forn, Turull, Rull, Forcadell...) e outros, como o deputado canario Alberto Rodríguez. Esquecer este pasado amosa unha clara carencia da acaída diagnose.

A segunda é o esquecemento "sine die" da carpeta das medidas de rexeneración democrática que nos prometeu nesta primavera ao se pechar para falar consigo propio (nomeadamente o desenvolvemento da lexislación europea sobre medios de comunicación no senso de protexer a liberdade de expresión e a identificación da titularidade real e dos intereses das empresas mediáticas) canda outras que xa son promesas electorais do 2019, como a derogación da chamada lei mordaza, dos delitos de inxurias ao Xefe do Estado e da prisión permanente revisábel. Todas elas auténticas infiltracións de autoritarismo impropias do corpus xurídico dunha democracia liberal avanzada.

A terceira é a evidencia, nesta altura da investigación, da falla de materia delictiva na conduta de Begoña Sánchez, o que non prexudica a súa recíproca falla de exemplaridade, que se amosa en feitos

como convocar ao reitor da primeira universidade pública do Estado na Moncloa, ser a única persoa non licenciada ou graduada titular dunha cátedra da devandita Universidade e a extrema familiaridade con empresarios que acadaron importantes incrementos de facturación cos procesos de dixitalización dalgúns sectores económicos promovidos dende a primavera da pandemia polos fondos EU next generation. A cualidade de ser parella dun alto mandatario público non pode conlevar o sacrificio da carreira profesional propia, mais as dúas persoas da parella han compatibilizar carreira política e carreira profesional evitando calquera conflito de intereses. Velaí outro ámbito a regularmos dende a prometida lexislación pro rexeneración democrática.

Esta febleza de discurso e malia intrínseca e moi limitada capacidade de Sánchez e do PSOE, en xeral, para cumprir os seus compromisos está a fanar, aos poucos, a confianza dos seus socios de investidura, proxeitando moi serias dúbidas a respecto da sostibilidade dos acordos que sinalaron o comezo da actual lexislatura estatal.



Por Nemésio Barxa

O rural abandonado tamén no cultural

As Bibliotecas são as joias culturais que proporcionam coñecemento e lectura universal tanto em grandes cidades como em pequenas vilas, constituindo um serviço a cargo do Estado. Na Galiza a gestão corresponde á Consellería de Cultura que dirige e coordena a Rede de Bibliotecas Públicas a través da que define servizos e políticas bibliotecarias comuns e planifica a oferta con un catálogo único. As Bibliotecas municipais conforman o grosor das Bibliotecas públicas do Estado, são os principais ofertantes de cultura e información na sua comarca, sendo obrigatória a súa creación em concellos de mais de 5.000 habitantes. Na Galiza 1 de cada 5 municipios carece de Biblioteca, a media de visitas dos galegos ás Bibliotecas é de 1'90 frente aos 2'25 no resto do Estado, que de media dedica 10'56 € por habitante reducido a 8'95 €/habitante na Galiza. Não parece que a cultura preocupe demasiado a nossos governantes.

Que a inversión autonómica em cultura, e designadamente em Bibliotecas, seja mais ou generosa não parece ser o principal problema das bibliotecas municipais senón a incidência que na sua gestão poda ter a forza governante em cada concelho e momento, que pode ser de desinterese, de ajuda ou de controlo e ingerência. Infelizmente conheço de jeito direto os atrancos



que um governo municipal, sem motivo manifestado, pode pôr ao enriquecimento cultural de sua Biblioteca Municipal.

Nado em Viana do Bolo marchei de alí aos poucos anos, mas toda a vida me senti vianês, e havendo reunido até o presente uma voluminosa, variada e rica biblioteca, pensei em deixá-la, em testamento, aos vizinhos de Viana do Bolo, ofertando esta disponibilidades ao daquela Alcalde, independentemente da color política, que era do PP; sem resposta, transcorrido tempo pensei fazer uma doação ao Concelho que realmente estivesse interessado, ofertando em primeiro lugar de novo a Viana, daquela Alcalde do BNG, que em pleno do Concelho aprovou por unanimidade aceitar minha oferta, e re-

alizando obras de ampliação no edifício da Biblioteca municipal para acolher os mais de 5.000 volumes que eu ia aportar. Pouco a pouco fui levando alguns livros e revistas, até uns 600, e agora pretendo fazer uma entrega importante de mais de 2.500, sem conseguir comunicação com o Alcalde (agora do PP) nem que o Concelho proceda á retirada.

Naturalmente pensei em revogar a doação, mas a oposição municipal (BNG e PSOE) levou uma moção ao Pleno no que de novo por unanimidade se ratificou a aceitação aprovada e proceder a recolher os livros, mas sine die. Não sei quais são os motivos do Alcalde, com quem não tenho relação (uma entrevista e duas chamadas telefónicas) para pagar assim minha generosidade e predileção polas gentes de Viana; nem há nada pessoal que justifique que se oponha á proposta que me manifesta haver feito o Psoe e moção apresentada polo BNG para dar meu nome á Biblioteca, algo que tampouco eu pedi. Uma postura que considero insólita. Nunca imaginei verme tão maltratado e desprezado polo Alcalde, Andrés Montesinos, e parte da sociedade vianesa que ele pode representar como pago ao meu reconhecemento e nobreza com o povo que me viu nascer e ao que entrego um dos bens para mi mais queridos, fruto de uma vida de amor aos livros. Pode que meu amor a Viana não seja correspondido.

Mas o que me preocupa é o futuro cultural de estas pequenas comunidades (Viana de 8.000 h. no ano do meu nasci-

mento passou a 2.750 na atualidade), longe neste caso de centros de cultura, se por puro capricho pessoal ou político se pode impedir um aporte cultural importante como neste caso que provavelmente entrego quantidade de livros superior ao próprio fundo da Biblioteca. A Viana há que reconhecer-lhe que tem Biblioteca municipal ainda que não estaria obrigada por sua povoação (inferior a 5.000 h.), mas se poderia exigir á vizinhança um maior interesse por esse faro de cultura e de janelas abertas á pintura, escultura, viagens, descubrimentos, literatura, etc. que trato de aumentar e que ofereço aos vizinhos e comarca de Viana do Bolo, a não ser que o rejeitem, e desde logo á Consellería de Cultura uma maior implicación e vigilância para que só o beneficio e proxección cultural importem no seu desenvolvemento. Se não se implica a Administración pequenas comunidades, vilas semidesertas, aldeias despovoadas, negaram aos heroicos habitantes o alimento mais importante do espírito, a cultura. Comunidades que se vão debilitando, esquecendo o tema cultural e o que pode significar para seus filhos a existência de uma Biblioteca potente que lhes permita obter conhecimentos na sua vila, pois bastante fazem para sobreviver. Manifestese a vizinhança de Viana do Bolo e tome nota a Consellería.

Quinta do Limoeiro, agosto 2.024



CONDADO/PARADANTA

Melloras na estrada entre Leirado e Lira

Alcaldesa Marta Valcárcel e a deputada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación da Deputación de Pontevedra, Isabel Couselo, mantiveron un encontro para supervisar os avances no proxecto de transformación da estrada provincial que une as parroquias de Leirado e Lira, a EP-4102 coa finalidade de mellorar a seguridade viaria e a mobilidade peonil nesta vía de titularidade provincial.



Verán Cultural 2024



Do 27 de xullo ao 7 de setembro, o Concello organiza o 'Verán Cultural 2024', cunha programación dirixida a todo o público. Destacan o concerto de Carlos Núñez dentro da súa xira Lugares Máxicos; os festivais O Mundo a Danzar, O

Son da Muralla, Imos de Guateque; a 65ª Festa do Viño do Condado do Tea co Túnel do Viño, a gastronomía e os concertos con nomes destacados como Luar na Lubre, De Vacas ou Roi Casal e finaliza co Concerto da Orquestra Clásica de Vigo.

O Festival DJ máis grande de Galicia

Dentro da programación do Verán Cultural, o festival O Son da Muralla contou este 3 de agosto coa participación dos DJs Kurd Maverick, Belén Jurado, Dany BPM, Steven Rod, Dj Charlie, Cris Gloss e Dj Xian, ademais de 6 pantallas retransmitindo en directo, 66.000 vatios de son e 70.000 de luz, sendo considerado o Festival de DJs máis grande de Galicia.



100 peregrinos madrileños inician o Camiño Taverneiro

O Concello de Salvaterra recibiu a un grupo da parroquia de San Xorxe de Madrid que iniciaba a súa peregrinación dende o recinto amurallado de Salvaterra ata Santiago.

Un total de cen rapaces e rapazas que iniciaron o Camiño Taverneiro e que cruzaron o Miño ata a zona de Monçao e despois voltaron para dirixirse a Ponteareas. Por diante teñen sete días nos que tamén pasarán por Pazos de Borbén, Pontecaldelas, Coto-bade, Codeseda, Souto de Ve a e rematarán en Santiago.

O Camiño Taverneiro deu os seus



primeiros pasos como Vía Cultural da man dos concellos por onde transcorre e a Deputación de Pon-

tevedra busca divulgar e amosar ás persoas que o realicen o gran atractivo do interior da provincia.

Concertos ás beiras do Miño



A Praza do Castelo foi o escenario do terceiro dos "Concertos ás beiras do

Miño" da sección de cordas da Orquestra Clásica de Vigo da man da Deputación de Pontevedra.

XXIX Festa da Lamprea

Os días 9, 10 e 11 de agosto, Arbo acolleu a XXIX Festa da Lamprea Seca na "Carballeira de Turbela", na que destacou a degustación

nas súas diferentes variedades, acompañada dos mellores viños da D.O Rías Baixas das adegas de locais, así como o Mercado artesán e actividades lúdicas.

"Lamprey'Music" con discoteca móbil

O Concello de Arbo organiza o 13 de agosto na Praza do Concello a I edición de "Lamprey'Music", coincidindo esa semana o Día In-

ternacional da Xuventude e dentro do Verán Cultural. O evento contara con música en directo coa Discoteca Móbil "MPV MUSIC" sendo a entrada gratuita.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR
O REMENDÓN
 637 764 865
 www.cerrajeroremendon.es
 24h.

OFICINA ARAUJO
 SEGUROS Y GESTIONES
 TELF.: 680 619 475
 C/. Raíña Dª Urraca, 3 - baixo
 SALVATERRA DE MIÑO

Qué Pelusilla!
 que.pelusilla ☎ 687 34 85 87
 C/ RAIÑA DOÑA URRACA, 20
 36450 SALVATERRA DE MIÑO

SALVATERRA DE MIÑO

LXV Festa do Viño do Condado do Tea

Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, o Presidente Gran Mestre da Cofradía do Viño do Condado do Tea e Espumosos, Antonio Alén, e a Concelleira de Cultura, Lorena Soto; presentaron a LXV Festa do Viño do Condado Tea que se celebrará o 23, 24 e 25 de agosto.

A festa Declarada de Interese Turístico de Galicia cumpre anos con importantes novidades como a súa ampliación a toda a Muralla e na Praza do Castelo, os concertos das noites gastronómicas e dos grupos folclóricos, como Luar na Lubre, De Vacas, Roi Casal, Momboi, Club Naval, D'Crooners, Somoza Trío, Black Lovers e Lenha Verde

A Festa, a segunda máis antiga de Galicia, manifesta tamén un incremento de adegas, con preto



de 30, máis de 100 referencias de viños, un récord para o evento. O pregoeiro será o actor, cómico, presentador e reporteiro Sergio Pazos. Tamén destaca a XXX Gran Capítulo da Cofradía do Viño Condado do Tea e Espumosos onde

se nomeará como novos cofrades a Vanesa González Martínez, Alba González Castro, Ricardo Briz de Labra, Miguel Ángel Alonso Fernández, Miguel Pérez Barros e o pregoeiro como Cofrade de Honra.

Máis de 243.000€ para reformas en infraestruturas



O Concello de Salvaterra destina máis de 243.000,00 a través do Plan +Provincia e o programa de mellora de infraestruturas de-

portivas da Deputación de Pontevedra para a mellora das infraestruturas deportivas do Casal e do campo de Fútbol de Oural en Fornelos.

"Imos de Guateque"

Este 10 de agosto, a Fortaleza de Salvaterra foi o escenario da VI edición de "Imos de Guateque", un es-

pectáculo que lembra a música das décadas de 1960 a 1990, nesta ocasión da man dos Djs X.Avi Petardpop e Edi FM.

Máis de 500 persoas visitaron o Museo do Viño

Desde o pasado mes de abril máis de medio milleiro de visitantes da península ibérica, Europa e América achegáronse ao Museo do Viño do Condado do Tea localizado no Castelo de Dona Urraca. Referente museográfico dentro da comarca e lugar de interese para veciños e foráneos, o Museo da Ciencia do Viño do Condado do Tea é ademais un dos dous Puntos de Información Turística do Concello de Salvaterra, xunto coa oficina habilitada no Parque de A Canuda.



36 Festival da Poesía no Condado

O 31 de agosto celébrase nas murallas de Salvaterra de Miño o 36 Festival da Poesía no Condado baixo o lema "Galiza com Palestina".

Este ano o recital poético con-

tará con 10 poetisas, todas elas mulleres. No musical 9 grupos e un Dj entre os que destacan Banda Bassotti, Xabier Díaz, Skárnio, Loita Amada ou Os Carunchos.

Haberá outras actividades como

Festa infantil con Pallasos en rebeldía, a presentación de dous libros sobre a guerra de Ucraína, e a Mesa de Ideas "Palestina, ocupación, resistencia e solidariedade".



El Rincón de Mary
SALVATERRA DE MIÑO Telf: 609 31 28 66

Agrícola "A Sementeira"
PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC
Telfs: 986 65 93 94 - 606 74 50 09
c/ Rúa Galicia, 2 Baixo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA)

MARANTÍA SEGUROS
Telf: 986 659 101
pino.rodriguez@occident.com
Rúa Curros Enríquez 4, baixo 3
SALVATERRA DE MIÑO

BAIXO MIÑO

TUI

IV edición do Foro Musical "Resonancias"

O martes 6 de agosto a Xunta de Galicia impulsará en Tui a cuarta edición do Foro Profesional de Instrumentos Musicais Resonancias, no marco do XVIII Festival Música no Claustro. A xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, participou esta mañá na presentación da nova edición deste evento, que terá lugar na Catedral de Tui entre os días 1 e 7 de agosto, e que conta co apoio da Xunta por noveno ano consecutivo.

A través do Foro Resonancias búscase promover a incorporación dos oficios artesáns galegos dentro da programación deste festival que é xa unha cita consolidada e de referencia en Galicia. A programación inclúe mesa redonda



participativa, as actuacións dos músicos e artesáns malienses Madou Kouyaté e Fodé Lassana Diabaté – integrantes do Trio da Kali; charlas e obradoiros de Eva Moreda sobre a música e do son na experiencia de Galicia dos viaxeiros británicos; Rosa Sánchez

e Pablo Carpintero sobre as gaitas de fol na provincia de Pontevedra e o showroom de instrumentos musicais e o evento pecharase co concerto The music of Galicia (1924) interpretado por Pedro Lamas, Germán Díaz e Antonio Romero Cienfuegos.

A V edición do MUMI encherá de música a Eurocidade



O Encontro Profesional de Música Galiza-Portugal, MUMI, avanzou as primeiras confirmacións do programa profesional para a súa quinta edición que do 12 ao 15 de setembro, e co apoio da Xunta de Galicia, integrará unha selección de 12 bandas e artistas de diversidade estilística como a música tradicional, o folk, o rock, a electrónica, as músicas urbanas, a canción de

autoría, ou propostas musicais da vangarda máis contemporánea, que dan boa conta do gran momento creativo que viven os dous territorios.

Entre os participantes destacan a banda catalá El Pony Pisador, os galegos Alana, Amoebo, Os D'Abaixo, Quico Comesaña, Ruxe Ruxe e Su Garrido Pombo; os portugueses Cardo-Roxo, Jhon Douglas, Miss Universo, Rogério Cardoso e Surma.

Vandalismo nas pistas de tenis de Areas

As pistas municipais de tenis de Areas foron obxecto de actos vandálicos causando numerosos destrozos, pintada nas instalacións anexas ás pistas, rotura dos pomos das portas, unha ventá rota e as redes das pistas foron atopadas nas inmediacións entre a maleza e faltan os postes que as suxeitan.

O Concello de Tui presentou denuncia no cuartel da Garda Civil. Previamente a Policía Local personouse no lugar tras recibir a comunicación dos festios e elaborou o correspondente informe.



Programa de respiro familiar para menores autistas

Durante este mes de agosto estase levando a cabo en Tui un innovador programa de respiro familiar dirixido a nenos e nenas con trastorno do espectro autista, TEA.

A súa posta en marcha é posible grazas á colaboración do Concello de Tui coa Asociación de pais, nais, familiares, e amigos de persoas con TEA, Un

Máis. Forma parte do programa Corresponsables xestionado pola Xunta de Galicia a través do financiamento recibido do Ministerio de Igualdade. Esta iniciativa implica xogos adaptados, participan en obradoiros sensoriais e viven experiencias de natureza, e actividades ao aire libre, entre outras propostas.

III Encontro das Cámaras de Comercio do Arco Atlántico



O Concello estivo presente en Oviedo o III Encontro das Cámaras de Comercio do Arco Atlántico, que representa a 21 Cámaras de Comercio de Portugal, España e Francia, foro que impulsa meca-

nismos de cooperación para transformar a cornisa atlántica nun territorio máis competitivo, sostible e dinámico, conectado coas novas iniciativas para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Servizos técnicos forestais
e obra do rural

Xirela

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro n°4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

TUI

Un 50% dos peregrinos do Camiño Portugués pasaron por Tui

Dos 11.519 peregrinos e peregrinas que optaron polo Camiño Portugués, un total de 5.622 elixiron Tui para comezar o Camiño de Santiago, correspondendo a un 50%, un 6% máis que no mesmo mes de 2023.

Deste xeito Tui foi o primeiro punto de partida do Camiño Portugués, seguido de Porto con 2.095 peregrinos e Valença con 1.937. Tui foi amais o segundo punto de partida no conxunto de todas as vías xacobeas, superada só por Sarriá, no Camiño Francés,



con 19.057 peregrinos. No relativo á procedencia dos peregrinos destacan a nivel español Andalucía, Madrid, Comunidad Valenciana,

Castela e León, Extremadura e Castela A Mancha. En canto aos visitantes internacionais lideran EEUU, Italia e Alemaña.

Curso de Teoría Crítica Feminista

O Concello de Tui, a través da concellería de Igualdade, co financiamento do Plan Corresponsables da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, organiza un Curso de Introducción á Teoría Crítica Feminista que se vai celebrar en

cinco sesións cada xoves do vindeiro mes de setembro.

O curso será impartido pola politóloga Priscila Retamozo (USC) e a axente de igualdade Cristina Louzán (UDC) co obxectivo de achegar as principais correntes de pensamento feminista e con-

textualizar historicamente as diferentes "ondas do feminismo". Ademais, fomentárase a capacidade de aplicar conceptos teóricos á vida cotiá e crearase un espazo seguro para a reflexión, onde estarán presentes as dinámicas de coidado.

Visita guiada á Igrexa de San Domingos

Este 13 de agosto, a prestixiosa historiadora da arte Carmen Manso Porto realizará unha visita guiada á igrexa tudense de San Domingos dentro do ciclo "Coñece o noso patrimonio" que con gran éxito de público está realizando neste verán o Ins-

tituto de Estudos Tudenses coa colaboración do Concello de Tui.

Carmen Manso está especializada en arte medieval e gótica da Orde de San Domingos en Galicia, á que ten dedicado a súa tese de doutoramento e numerosos traballos de investigación. Este

ciclo finalizará o seguinte martes, 20 de agosto, cunha nova visita guiada titulada "Evolución urbana de Tui: do burgo altomedieval á cidade de Fernando II" a cargo de Suso Vila, doutor en Historia da Arte pola USC, a realizarse na Oficina Municipal de Turismo.

XII Festa Gastronómica

A gastronomía local e tradicional será a gran protagonista o sábado 17 de agosto, na rúa Compostela coa celebración da Festa Gastronómica dentro da XII Festa do Miño organizada polo Concello de Tui, con trece postos postos

para a venda directa dos pratos elaborados artesanalmente con produtos locais e autóctonos. Amais dos postos gastronómicos contarase coas actuacións de Circo Krasnovarak, Fanfarria Taquikardia e Festicultores.

"Vivero 4.0 Miño Dixital"

A Cámara de Comercio asinou un convenio coa Fundación INCYDE (Instituto Cameral para a Creación e Desenvolvemento da Empresa) para por en marcha o "Vivero 4.0 Miño Dixital" grazas á cofinanciación dos Fondos FEDER de

60%, 588.000 €. O vivero estará orientado á modernización do tecido produtivo na zona de influencia da Cámara de Comercio de Tui a través do uso de novas tecnoloxías e o fomento da transformación dixital e desenvolvemento inclusivo.

Tui, referente cultural este verán

Tui consolidouse no mes de xullo coma un dos referentes culturais no Baixo Miño grazas á ampla e diversa programación na que destacaron "Tui, verán na rúa"; o Guilla Folk organizado pola Asociación Cultural Lembranzas da Terra e o grupo de baile Erasmo Hernández de Gran Canaria; o IX Festival de Bandas; o IX Certame de Gaita e Tamboril que promove a Asociación Cultural San Telmo; a Mostra Conferencia do Traxe

Galego; a noite Ardentía con concertos de once grupos de Tui, Gondomar, Redondela, Vigo e Marín; o IKFEM festival na Eurocidade Tui-Valença, coa estrea da Orquestra da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; cinema ao aire libre; a Noite Internacional do Miño con folclore dos cinco continentes a través de bailes e cantos de Italia, Borna Herzegovina, Uruguai, Chile e Galicia, organizado pola Escola de Baile e Música San Fins.

www.novasdоеixoatlantico.com

PFC Condado

TANATORIO ARBO

TANATORIO PONTEAREAS

TANATORIO TUI

TANATORIO TOMIÑO

+55
Pompas Fúnebres del Condado
20 de setembro de 2024

Gracias

BAIXO MIÑO

Recuperación do observatorio ornitolóxico da Xunqueira

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, o Alcalde da Guarda, Roberto Carrero, o concelleiro de Vías e Obras, Isidro Lomba e o director do Instituto de Estudos do Territorio (IET), Enrique de Salvador, visitaron o observatorio de aves da Xunqueira, cuxa rehabilitación enmárcase no proxecto europeo Green Gap.

A Xunta pretende mellorar os valores diferenciais e a resiliencia ante o cambio climático da paisaxe transfronteiriça do estuario do Miño-Santa Trega. Por tanto, a



pasarela será rehabilitada para facilitar o acceso nesta zona na contorna do corredor ecolóxico do río Miño.

PSOE propón a Manuel Ochoa Fernández como "Tomiñés Distinguido"

A voceira socialista Violeta de Santiago Moure propuxo ao piragüista Manuel Ochoa Fernández para a obtención do galardón "Tomiñés Distinguido" pola súa recente actuación nos Xogos Olímpicos de París 2024 na modalidade de Kayak Cross co equipo olímpico español. A súa traxectoria comezou no Club Deportivo Miño Teixugos acadando importantes logros como, entre outros, o primeiro



posto na Copa do Mundo 2024 en K1 Cross celebrada en Praga ou o segundo posto en 2022 na Copa do Mundo de Cracovia.

AECT Rio Minho inviste 2,3M€ en proxectos Interreg



A Asemblea Xeral da AECT Río Minho aprobou as contas do 2023, exercicio no que investiu máis de 2,3 millóns de euros en proxectos apoiados pola UE destacando dentro do Programa Interreg 2021-2027 a Rede de Gobernanza do Río Mino – Rede_Gov_Minho, o proxecto VISIT_RIO_MINHO_PLUS e a Estratexia Río Minho Transfronteiriça 2030.

Avanza a constitución da "Eurocidade da Foz do Miño"



Os responsables dos municipios que a constitúen, Ánxela Fernández Callís (O Rosal), Rui Lages (Caminha) e Roberto Carrero, (A Guarda) reuníronse en Caminha para acordar aspectos sobre a operatividade institucional e vías de sinerxias e de colaboración en torno a esta entidade transfronteiriça. O pasado mes de xuño estes tres municipios aprobaron a declaración institucional para a creación da Eurocidade.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com



Tlf.: 986 65 80 18
 Fax: 986 65 82 69
 Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
 Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Verán tudense para catro nenos e nenas saharauís

O Concello de Tui recibiu aos nenos e nenas saharauís Yusef, Yiusef, Ahmed e Yahida e as súas familias de acollida que están a pasar o verán en Tui dentro do programa "Vacacións en Paz".

A alcaldesa en funcións, Ana Núñez, xunto ao concelleiro de Servizos Sociais, Ismael Diz, xunto a outros concelleiros e concelleira da corporación municipal, deron a benvinda a esta estes cativos e cativas e as súas familias tudenses agradecendo a súa solidariedade neste verán. Dúas das familias repíten experiencia e outras dúas será a primeira vez que acollan a un cativo.

O programa "Vacacións en paz"



que realiza a asociación de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) dende hai décadas ofrece a nenos e nenas a oportunidade de pasar unhas vacacións en paz, afastados das difíciles condicións

dos campamentos de refuxiados no Sáhara Occidental. Ademais, facilita o acceso a revisións médicas e mellora a súa calidade de vida durante a súa estada en Galicia.

Novo equipamento para desbroce de camiños



O Concello do Rosal mellora os seus servizos coa adquisición de maquinaria destinada ao desbroce de camiños: un tractor desbrozador e catro desbrozadoras ma-

nuais. O orzamento destinado á obtención desta maquinaria foi de 18.125,80€, e respondeu ao esforzo realizado polo Concello xunto coa Deputación, dentro do plan + Provincia 2024.

PSOE Tomiño esixe un punto limpo municipal

En sesión plenaria, a voceira socialista Violeta de Santiago insistiu na "necesidade aprémiante dun punto limpo en Tomiño", toda vez preguntou ao goberno municipal se está esixindo "á empresa concesionaria da xestión do lixo o cumprimento do

contrato, pois ao estar de baixa a meirande parte da plantilla de operarios/as está a provocar que o servizo sexa moi deficiente".

Os socialistas lamentaron as "evasivas" e o "desinterese" por parte do goberno municipal nestas cuestións así como noutros asun-

tos como a praga de moscas e problemática do Camiño do Carballo en Goián. Así mesmo criticaron que segan sen levar ao Pleno o nomeamento do xuíz/a de paz, incumprindo as bases da convocatoria publicada no BOPPO 22 do 31 de xaneiro.

XXIX edición do Encontro dos Pobos

Organizado pola agrupación musical Do Lusco ó Fusco e tras pasar por A Guarda, O Rosal e Tomiño, o festival de música tradicional Encontro dos Pobos chegou a súa edición número XXIX este

27 de xullo na Praza Centinela do barrio histórico de Oia coa participación dos grupos tradicionais Tra-lo Mosteiro (Oia), Do Lusco ó Fusco (A Guarda), Martir S. Sebastiao (Coimbra, Portugal) e Ensemble Dido (Serbia).

Asesoría Técnica Agrícola
AGROVITIS

Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
 Dello Rodríguez nº4 baixo
 36860 Ponteareas
 agrovitis@agrovitis.es
 www.agrovitis.es

CHAMBO LIBRIS
 ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.

Calefacción eléctrica
 Instalaciones y montajes eléctricos
 Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Telf: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185
 Pol. industrial Chan da Ponte
 36450 - SALVATERRA DE MIÑO

globaltea
 informática + telefonía

- Ordenadores novos e reacondicionados
- Venta e reparación de móbiles
- Internet low cost: Lowi, O2, Simyo, DIGI

Rogelio Groba Groba, 21. Telf: 986 640 003 - PONTEAREAS
 R. Victoriano Pérez Vidal, 42-B. Telf: 986 340 528 - SALCEDA
 Alcalde Casal Aboy, 2. Telf: 986 184 898 - TUI

PINTURAS BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
 ESMALTES - PAPELES

PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
 Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Caliza

IRIS COLOR

ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Roberto Carrero | Alcalde da Guarda

"Na Guarda estamos optando polo turismo"

Declarada de Interese Turístico, A Guarda celebrará a súa centenaria Festas do Monte do 5 ao 16 de agosto, coa tradicional subida ao Monte de Santa Trega por parte das bandas musicais. Falamos co Alcalde Roberto Carrero sobre a actualidade dese municipio.

Festas do Monte da Guarda, un evento centenario declarado de Interese Turístico. Que novidades ten a programación 2024?

Recuperase a carreira ciclista, que levaba anos sen facerse. Quero salientar que o Concello colabora coa Asociación Veciñal Cultural e Deportiva Alameda, entidade encargada de organizar estas festas.

A Guarda está apostando pola oferta gastronómica e turística, tal como vimos coa recente Festa da Langosta. Existen perspectivas de ampliar esta oferta cara outros ámbitos como a cultura ou o patrimonio?

Este ano plantexámonos optar polo turismo para crear destino e, a partir de alí, mais actividades. Temos unha axenda moi completa de actividades culturais durante este ano e para o 2025 agardamos amplialas e melloralas.

Camiño Portugués pola Guarda. Como son as expectativas de afluencia de peregrinos para este ano?

Os datos de 2023 das persoas que recolleron a Compostela pasando pola Guarda foron de 52.000 persoas. Os datos ata o mes de abril foron exactamente de 24.000 persoas, cifras importantes pero que probablemente non reflectan o número de persoas transeúntes, tanto as que residen como as que pasan pola Guarda. Os datos son expresamente dos que van a recoller a certificación.

Vén de cumprir o seu primeiro ano ao fronte do goberno municipal. Que balance pode ofrecer?

Un balance positivo. Primeiro no senso de aclimatare á nova situación. Segundo, tal e como comentamos, de optar basicamente este ano polo turismo; e a

partir do ano que vén poder desenvolver tódolos proxectos cos que concorremos ás eleccións municipais e polos que a cidadanía gardesa deunos o seu voto de confianza.

Hai algún proxecto estrela?

Todos os que plantexamos. O Centro Integral de Saúde, a carreira de circunvalación a Camposancos e buscar financiamento para tentar conquistar a Saída Sur do Porto.

Precisamente a oposición (PSOE) denunciou a paralización do proxecto da Saída Sur do Porto da Guarda. Que pode comentar con respecto a este proxecto?

Despois de 16 anos que estiveron no goberno municipal non fixeron absolutamente nada. En segundo lugar, o proxecto é do ano 2021, tiveron dous anos mais para facelo e non o fixeron. Creo



que é facer demagogia con este tema. O PSOE non é capaz de asumir que xa non está gobernando e non vai a indicarlle ao actual goberno o que ten que facer e cal é a senda que debe trazar.

Entendemos que hai sintonía absoluta dentro do goberno municipal.

Si, efectivamente.
OR.PA.GU celebrou o pasado 19 de xullo a X Xornada Internacional sobre a Pesca de Grandes Migradores. Confírmase así que A Guarda é un centro estratégico da pesca palangreira?

Iso é así dende fai varios anos. OR.PA.GU non deixa de ser referente en España e a UE. Comprende barcos españois e portugueses cunha pesca sostible e de futuro, a pesares das moitas trabas que as diferentes administracións lle están poñendo á pesca, principalmente dende Europa.

Vai avanzando a Eurocidade da Foz do Miño?

Estamos avanzando na súa ratificación por parte das autoridades españolas e portuguesas e no trámite administrativo; agardamos telo todo listo para finais deste ano.

Oia oferta 16 nichos no cemiterio municipal

O Concello de Oia vén de abrir o procedemento público para a adjudicación de dereitos funerarios sobre un total de 16 nichos do cemiterio municipal de Oia. O período da concesión para cada unidade de enterramento (nicho) será dun total de 75 anos.

O prezo de cada unidade será de 1.700 euros, tal e como marca a correspondente ordenanza e re-



gulamento do cemiterio municipal (publicados no BOP do 29 de setembro de 2009). As persoas interesadas na concesión dalgún

destes nichos deberán presentar a súa solicitude no rexistro ata o día 21 de agosto, día no que remata o prazo.

150.000€ para promover o galego en 35 Concellos

AXunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o reparto de 150.000 euros para que 35 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia poidan realizar actividades de dinamización da lingua galega. En total, cada un dos concellos recibirá achegas que oscilan en-

tre os 500 e os preto de 11.000 euros para actividades como obradoiros, proxectos audiovisuais, programación de espectáculos, premios literarios, edición de libros en galego, actividades polo Día das Letras Galegas ou, entre outros, programas de dinamización lingüística.

ATLANTICOLOR
FERRETERÍA
Telf: 986 669 955
C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS
PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS
ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO
986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

mp MARPI
Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres
R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29
e-mail:marpi@marpi.es - www.marpi.es

La Vuelta, escaparate turístico das Rías Baixas

Un acto promovido pola Xunta e no que estiveron presentes a deputada provincial de Turismo e alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro; o director da carreira, Javier Guillén; e o director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, o presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, salientou a importancia do regreso de La Vuelta á provincia, coa disputa entre o 27 e 30 de agosto da décima etapa da carreira entre Ponteareas e Baiona, que permite consolidar ás Rías Baixas como un destino turístico ligado ao deporte e que ten na súa riqueza natural e paisaxística



un dos seus maiores atractivos.

Tras chegar a Vigo o 26 de agosto, o pelotón de ciclistas pasarán por Ponteareas, punto de partida da décima etapa, Mon-

dariz, Mondariz Balneario, O Covelo, A Cañiza, Arbo, As Neves, Salvaterra e Tui e de aí seguirán camiño de Tomiño e Oia ata descender cara Baiona.

"O teu mellor verán" en Pontevedra

A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, visitou aos mozos e mozas dos campamentos O mar que imaxinas e Kiriko Aventura e do campo de voluntariado Aldea Afacuca, onde puxo en valor a gran variedade de campamentos incluídos na campaña da Xunta O teu mellor verán que, no caso desta provincia, ofrece 1.965 prazas.

Baixo o lema O teu mellor verán, a Xunta de Galicia propón durante os meses de xullo, agosto e setembro actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo. A programación, que in-



clúe campamentos, campos de voluntariado, programas de intercambio e actividades de ocio

alternativo, conta cun total de 11.533 prazas, o que supón a maior oferta da historia.

Esixen explicacións á Xunta polas contas no Álvaro Cunqueiro

O secretario xeral dos socialistas galegos, José Ramón Gómez Besteiro, e o alcalde de Vigo, Abel Caballero, expresaron a súa preocupación polas conclusións do informe de fiscalización por parte do Consello de Contas do contrato de colaboración público-privada do Hospital Álvaro Cunqueiro, "que revela unha serie de irregularidades e deficiencias de enorme gravidade".

O traballo de Contas destaca varias modificacións non xustificadas na superficie útil do hospital e

nos prazos concesionais, así como unha planificación insuficiente que contravén os principios de igualdade, transparencia e concorrència que deben rexer a contratación pública. "Este informe demostra que a fórmula de colaboración público-privada elixida polo Goberno de Feijóo foi un erro colosal, que supuxo un endebedamento ata o ano 2035 e un sobrecusto de 470 millóns de euros" afirmou Gómez Besteiro e que acabaron en mans "dun fondo voitre francés", segundo asegurou o Alcalde Caballero.

260.000€ contra a violencia de xénero

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o reparto de 260.000 euros para que 48 concellos de menos 20.000 habitantes da provincia poidan realizar proxectos e actividades para o fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xé-

nero. Cada un destes concellos recibirán axudas que oscilan entre os 2.000 e os 6.000 euros para financiar proxectos de prevención da violencia de xénero, de educación da igualdade, de conciliación, de sensibilización, de comunicación, actividades inclusivas, etc.

Premios da Copa de fútbol Deputación

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou a distribución de 120.000 euros en premios para os equipos participantes na Copa de fútbol Deputación de Pontevedra 2024, tanto na categoría feminina como na masculina. Nesta competición participaron un total de 135 equipos de 47 concellos da provincia. Os gañadores foron o Vi-

lalonga de Sanxenxo, en categoría masculina, e o Lóstrego B de Gondomar, en feminino, que se impuxeron nas súas respectivas finais ao Areas, de Ponteareas, e o Viaxes Interriñas, de Sanxenxo. Tanto os equipos gañadores como os participantes recibiron premios que oscilaron entre os 150 € por eliminatoria dos que só xogaron a fase previa ata os preto de 6.500 €.

Festas da Peregrina en Pontevedra



O presidente da Deputación de Pontevedra, Luís López, asistiu este 10 de agosto ao acto de apertura das Festas da Peregrina, que

consistiu na lectura do pregón, na balconada da Casa Consistorial de Pontevedra, a cargo da guionista e produtora pontevedresa Teresa Fernandez-Valdés.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
 publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnez. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

MISCELANEA

Orzamentos de Zona Franca para 2025

O Pleno do Consorcio da Zona Franca aprobou os orzamentos para 2025 que inclúe un ambicioso programa de investimentos na área de Vigo de máis de 78 millóns de euros, co obxectivo de seguir impulsando o desenvolvemento económico e a xeración de emprego.

Ademais das actuacións previstas relacionadas coa dotación de chan para o impulso de actividades empresariais, que ascenden a 6,3 millóns de euros e que supoñen a expansión da institución para dotar de parques a concellos como A Cañiza ou Cuntis, o programa de investimento, por máis de 72 millóns, supoñerá a consolidación de proxectos xa en marcha, destacando o Parque Tec-



nolóxico e Loxístico (PTL) de Valladares e a de Balaídos; a mellora e modernización do Polígono de Bouzas; a finalización das novas naves para poñer ao dispor das empresas en Porto do Molle; actuacións en infraestruturas na

Plisan; a construción de naves no PTL que se destinarán ao proxecto SPARC de produción de semicondutores; o aparcamento da Balsa-VG20; e a construción do edificio de oficinas que albergará o World Car Center.

Empresas galegas xeran 32.135M€ en riqueza económica

Enmarcado na Cátedra ARDÁN, a Zona Franca de Vigo e a UVigo presentaron o informe ARDÁN Galicia 2024, que revela que o conxunto das 41.886 sociedades analizadas alcanzaron en 2022 137.000M€ en ingresos

de explotación, un 9,4% mais que en 2023, e xeraron 32.135M€ de valor engadido bruto, unha aportación aol PIB de Galicia do 46%.

Destacou o tecido empresarial na comarca de Vigo, que supón o 20% das empresas analizadas,

que contribuíron ao total de Galicia co 25% de los ingresos de explotación. Vigo acapara o 27% da riqueza creada pola industria manufacturera, a construción e enerxía.

A Deputación destina 460.000€ dentro do Erasmus+

A Deputación de Pontevedra aprobou destinar 462.520 euros para que 46 graduados en ciclos medios de Formación Profesional e un docente da provincia poidan realizar prácticas

laborais en empresas e institucións europeas, facilitando desta maneira a súa inserción laboral. Estes 46 estudantes, que comezarán as súas prácticas ao longo do mes de setembro viaxarán a

Italia (22), Portugal (11), Francia (4), Irlanda (4), Malta (3) e Holanda (2), e as axudas variarán en función do país de destino e da duración da mobilidade, oscilando entre 4.300 e 13.000 euros.

370.000 € para +Renovables

A Deputación de Pontevedra adjudicou 370.000 euros do servizo para poñer en marcha e xestionar a Oficina de Transformación Comunitaria +Renovables, financiada con fondos europeos NextGenerationEU. A oficina contará con sede no Viveiro de Empresas en Barro e oficinas itinerantes e busca fomentar e impulsar a

creación e o desenvolvemento de comunidades enerxéticas en todas as comarcas da provincia, sendo o medio rural, e especialmente os concellos de reto demográfico, a nosa principal prioridade. O proxecto está dotado dun orzamento total de 750.000 euros, con 500.000 € de fondos europeos.

Volve o Cine Fraga, emblema cultural vigués



A Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia asinaron coa Abanca, propietaria do edificio do Cine Fraga, un convenio de recuperación deste inmoible por un total de 9,3 millóns, dos que a Deputación asumirá o 49%.

Un acordo que supón un compromiso cumprido coa cidade de Vigo ao devolverlle á cultura un

dos seus emblemas. No acto que tivo lugar no inmoible ubicado no número 1 da rúa Uruguay, o presidente provincial Luís López fixo fincapé nas oportunidades de futuro que se abren no eido da cultura despois de pechar este acordo, que permitirá reabrir este teatro que leva pechado desde o ano 2001.

A Deputación inviste 45.000€ para prácticas no Erasmus+

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou ampliar as bolsas de mobilidade de alumnos que se atopan neste momento facendo as súas prácticas en diferentes países europeos ao abeiro do programa Erasmus+ 2023. Desta maneira, destinará 45.000 € dos 1,4 millóns de euros do orzamento deste proxecto, que está financiado con fondos europeos a través do SEPIE, para

que 13 graduados en ciclos medios de Formación Profesional da provincia continúen realizando as súas prácticas en empresas e institucións europeas. Os países onde estes estudantes realizan as súas prácticas son República Checa, Irlanda, Malta, Italia, Francia e Croacia, provenientes de centros educativos de Gondomar, Lalín, Pontevedra, Redondela e Vigo.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Pontareas T. 986 66 00 00

forjados
hinos. duran s.l.

www.forjadosduran.com

+ música

ACTUACIÓNS POR TODA A PROVINCIA

FILLAS DE CASANDRA + LEIRABUXO

03/08/2024 · CATOIRA

03/08/2024 · FORNELOS DE MONTES

XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE

03/08/2024 · SOUTOMAIOR
30/08/2024 · CANGAS

ANXO LORENZO + GRANDE AMORE

04/08/2024 · A LAMA

09/08/2024 · PAZOS DE BORBÉN

XUNTOS POLA MÚSICA + ROI CASAL

10/08/2024 · VILANOVA DE AROUSA

10/08/2024 · ARBO

ENSEMBLE GROBA + XURXO FERNANDES

10/08/2024 · CRECENTE

11/08/2024 · AGOLADA

PELEPAU + SÈS + ASTAROT

11/08/2024 · A CAÑIZA
12/08/2024 · VILA DE CRUCES

14/08/2024 · CALDAS DE REIS

14/08/2024 · MONDARIZ

GUADI GALEGO + DE VACAS + LONTREIRA

14/08/2024 · VILAGARCIA DE AROUSA

15/08/2024 · GONDOMAR

15/08/2024 · CUNTIS

FESTICULTORES TROUPE + LEIRABUXO

17/08/2024 · TUI

23/08/2024 · SILLEDA

THE RAPANTS + LUAR NA LUBRE + DAKIDARRÍA

23/08/2024 · POIO

24/08/2024 · SALVATERRA DE MIÑO

24/08/2024 · MEAÑO

QUEIMAN FOLKI DE BRUXO QUEIMAN

24/08/2024 · A GUARDA

ORQUESTRA FOLK SONDESEU

25/08/2024 · PONTE CALDELAS

EREA CASTRO

30/08/2024 · NIGRÁN



Deputación
Pontevedra

+info depo.gal

Reinaugurado spa en Balneario

O director xeral de Turismo da Xunta, Xosé Manuel Merelles reinaugurou o spa do Balneario de Mondariz en presenza do presidente do Balneario de Mondariz, Javier Solano; o xerente Ricardo Fuciños; o actual equipo directivo; a responsable de Turismo da Deputación de Pontevedra, Nava Castro; alcaldes e convidados.

O recinto conta cunha nova zona de camas de hidromasaxe, pescozos de cisne, chorros jet con tres alturas, un cogomelo no centro do círculo, que completa



a gran ferverza descontracturante, así como un espazo destinado a banco lumbar aire-auga, jacuzzis nadar contracorrente que se en- en varios espazos, geiser plantar, gade ao río central xa existente.

Aprobado aparcamento no Regueiro

O Alcalde cañicense Luis Piña informou da aprobación inicial en Xunta do Goberno o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, PEID, para a construción dun aparcadoiro no lugar denominado "Chan de Lourido", unha zona arborada de máis de 9.000 m2 situada no lugar do Regueiro, na subida que conduce á Casa de Cultura.

Contará con accesos dende as rúas Álvaro Cunqueiro e rúa Regueiro, con 160 prazas integradas nun espazo natural no que se estima a plantación de 200 árbores autóctonas e outro aspecto tamén importante é que todo o conxunto de superficies será drenante, de



fácil mantemento e durabilidade. Dende o ano 2022 o Concello leva traballando para realizar a expropiación destes terreos que require previamente a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) que modifique o Plan Xeral de ordenación Municipal (PXOM) aprobado o 27/06/2003, que recolle estes terreos como "solo urbanizable non delimitado".

A Orquesta Sinfónica de Galicia actuará no XII Festival Groba

Do 18 ao 24 de agosto celebrarase a XII edición do Festival Groba para pór en valor a creación artística e compositiva do mestre Rogelio Groba con concertos de carácter gratuito no Auditorio Municipal e no Convento do Canedo.

Nesta edición participarán ar-

tistas nacionais e internacionais, a Orquesta da Cámara Galega e, por primeira vez, actuará a Orquesta Sinfónica de Galicia, que realizará o concerto de clausura dirixido polo Mestre Pérez-Sierra nun programa con obras do Mestre Groba e as famosas Variaciones Rococó de Tchaikovsky, interpre-

tadas polo virtuoso chelista Santiago Cañón-Valencia.

O festival é organizado pola Orquesta de Cámara Galega e a Fundación Rogelio Groba coa colaboración do Concello de Ponteareas, a Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia e a Orquesta Sinfónica de Galicia

Aberta convocatoria para a Residencia ArtisTea



O Concello de Ponteareas vén de facer públicas as bases da primeira convocatoria das Residencias ArtisTea de Artes e Pensamento, que se celebrará entre o 11 e o 17 de novembro na vila do Corpus, e que acollerá a un máximo de 8 artistas que presenten traballos (individuais ou colectivos) nas disciplinas de música, performance, poesía ou calquera hibridación entre elas.

As residencias desenvolveranse no edificio ubicado na Praza Maior, que foi restaurado polo Concello para acoller este pro-

grama cultural e a sede da UNED. Haberá un máximo de 8 persoas seleccionadas, con 2 prazas que se reservarán con preferencia: unha para persoas con diversidade funcional motora, psíquica ou sensorial debidamente acreditada, e outra para persoas residentes na comarca do Condado. As persoas seleccionadas, que poden concorrer en solitario ou en grupos de ata 3 persoas por proxecto, terán acceso durante 7 días a aloxamento con pensión completa. Ofreceráselles tamén unha masterclass cunha persoa de recoñecido prestixio.





TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

- Reforzo escolar
- Todas as materias
- Técnicas de estudo
- Preparación de exames
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4 - 1º. PONTEAREAS
Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

